

## O COMEDOR ESCOLAR

Normativa de referencia:

-Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Instrución 3/2010 da secretaría xeral da consellería de educación e ordenación universitaria, de 9 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2010-2011.

-Instrucción 6/2010 da secretaría xeral da consellería de educación e ordenación universitaria, de 12 de xullo, mediante a que se desenvolven aspectos das instruccións 3/2010 e 4/2010, relacionados coas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar

O número de comensais é de 72, todos eles bolseiros. Todos comen nunha única quenda. Os/as alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria colaboran na colocación dos servizos, no reparto da comida e na recollida das mesas na seguinte proporción: un/unha servidor/a por cada 8 comensais.

A encargada do comedor escolar é Dona Pilar Grille Hermida, que entrega copias dos menús diarios de todo o mes a tódolos nenos, para que o poidan levar para a casa, e confecciona unha lista trimestral das persoas encargadas (co nº de teléfono) de levar a cabo as gardas, enviando copia ás casas para que os pais estean enterados, e no caso de non poder asistir, poidan chamar por teléfono a outro que lla faga.

A cociñeira é Dona Mª Josefina Rivas Miranda e a axudante de cociña Dona Lourdes Rial García.

O persoal colaborador fórmano actualmente 12 mestres e 44 pais/nais. Cada quenda está formada por un mestre/a e 3 pais/nais

O turno de comedor abrangue dende as 13:30 ata as 15:00 horas, momento no cal toca a sirea de entrada para as clases. Durante este período, realízase a vixilancia do seguinte xeito: realizan a vixilancia no comedor ata que os rapaces rematan de comer, aproximadamente entre as 14:15 e as 14:30 horas. A partires de aquí, o colaborador/a profesor/a encargase de controlar a biblioteca escolar, e o resto dos/as colaboradores vixian no patio, prestando especial atención ás zonas de entrada e saída, sala de xogos e aseos. No momento de tocar o timbre cada titor/a deberá estar na súa titoría, esperando a entrada dos alumnos para evitar posibles conflitos e levar a cabo a limpeza dos dentes.

Cadro resumo de usuarios comedor:

Niveis	Educación Infantil			Educación Primaria						Total
				1º Ciclo		2º Ciclo		3º Ciclo		
Grupos	3a	4a	5a	1º	2º	1º	2º	1º	2º	
Niveis										
Comedor Escolar	4	4	5	11	10	10	9	8	11	72